

Creando un balance entre o inglés e as linguas locais

ROBERT PHILLIPSON

Copenhagen Business School
Handelshøjskole i København
www.cbs.dk/staff/phillipson

Tratarei os retos e obstáculos da política lingüística para a consecución dunha maior democracia lingüística. Os retos son principalmente xeopolíticos, económicos e culturais. Para encaralos, cómpre realizarmos un enfoque interdisciplinar que integre unha perspectiva histórica das tres dimensións ademais de aproximacións desde a sociolingüística que inclúan a formación en planificación lingüística, a crítica teórica na aprendizaxe da lingua e a análise discursiva. Deste xeito podería ter éxito a política lingüística que aspire a un multilingüismo produtivo e unha xusta e equilibrada ecoloxía da lingua.

Comezaremos por ver a liberdade académica, que é a liberdade académica? Porque todos os que traballamos nas universidades pretendemos exercer unha liberdade académica. Algunhas universidades son explicitamente libres polo seu nome: as universidades libres nos Países Baixos e Bélxica. Nestes casos a liberdade quere dicir libres de seguir unha versión do cristianismo ou outra (catolicismo ou protestantismo). Na Freie Universität Berlin o termo libre quer dicir liberdade de comunismo. Que liberdade ten unha universidade americana no mundo árabe ou unha universidade cristiá no Xapón? Cales son os límites da liberdade académica? Ben, se ollamos a páxina web do The Margaret Thatcher Center for Freedom (Centro de Margaret Thatcher pola Liberdade) baseada na Heritage Foundation en Washington DC, é explícita acerca de como entende a liberdade: o seu obxectivo é asegurar que os Estados Unidos de América e o Reino Unido poidan liderar o mundo. Isto é o que Margaret Thatcher xulga que o mundo precisa. Como anécdota direi que M. Thatcher gañou catro eleccións xerais como primeira ministra en Inglaterra e cada unha das veces que gañou o número de mulleres no parlamento decreceu, o que di moito das políticas que ela represen-

taba. No tocante á liberdade nas universidades que teñen como lingua vehicular o inglés, un aspecto que me parece moi relevante debido a que en Galiza quere concederse un terzo das aulas á aprendizaxe desta lingua, obviamente nos EUA e en Inglaterra as universidades son monolingües en inglés e nalgunhas das antigas colonias coma Quenia, Nixeria, Paquistán e a India ocorre o mesmo. Descoñezo se isto acontece en España mais isto é algo que podemos chegar a debater. Claramente os EUA, Inglaterra e Australia están a converter nun negocio a exportación da súa lingua.

Estanse a establecer unidades universitarias anglófonas por todo o mundo e, se non comezaron en España aínda, non tardarán en asentarse, porque esta é a maneira en que a globalización está impactando na educación. A educación superior estase a converter nunha oportunidade de negocio en vez de ser de dominio público ademais dun dereito de educación gratuíta para todos. Por exemplo, a Universidade de Nottingham ten campus subsidiarios en Malasia e China e se ollamos a súa páxina web dá a clara impresión de que o que está sendo exportado mesmo en graos en educación, inglés e lingüística aplicada non é só a lingua vehicular senón tamén os contidos británicos: Todos os programas de grao e posgrao están impartidos enteiramente en inglés e cos mesmos estándares de ensino e avaliación que na Universidade de Nottingham, Reino Unido. Isto é, coma se os contidos que son axeitados na cultura británica tamén o fosen para as culturas en Malasia e China. A súa cultura debe ser penetrada pola británica. Logo, podemos afirmar que a liberdade académica nestes casos está sendo conducida nunha dirección particularmente reducida.

Todo isto vai en contra do establecido polo Concello Europeo na Carta Magna Universitatum de 1988. Tamén, nas constitucións de Finlandia, Alemaña, Italia, Hungría, e na lexislación en Irlanda, Suecia e Noruega consta que as universidades deben exercer a liberdade académica. E ademais existen leis nalgúns países para estes efectos. Mais, na Constitución Europea dos Dereitos Fundamentais 2000, art. II-73 dise: «A investigación nas artes e nas ciencias debe estar libre de restricións. A liberdade académica debe ser respectada. [...] A liberdade nas artes e nas ciencias e a liberdade académica son extensións da liberdade de pensamento e expresión.» E isto converteuse en lei porque os estados membros da UE asinaron a reforma do tratado de Lisboa o ano pasado.

Por tanto, en principio todas as persoas debemos ter a garatía de liberdade académica no ensino e na investigación mais todas as que coñecemos ben o mundo universitario sabemos que hai moitas restricións no que facemos e en como o facemos. Estas restricións están medrando por culpa da intrusión do mundo empresarial e a élite política no ensino superior e o control que exercen nela. Unha proba disto pódese

comprobar no artigo que escribimos a miña dona e mais eu cun chicano que se chama Eduardo Mendieta que reside nos EUA (Mendieta / Phillipson / Skutnabb-Kangas 2006). No traballo analizamos o feito de os académicos dos Estados Unidos só citaren fontes en inglés e que existe un considerábel volume de traducións do inglés a outras linguas mais poucas traducións doutras linguas ao inglés. Isto acentúase no tocante á produción masiva de enciclopedias e manuais en inglés onde hai moi poucas referencias noutras linguas ou a outras linguas diferentes do inglés sobre todo no eido da lingüística. As editoriais tamén contribúen a que só se citen traballos en inglés prohibindo as citas en español (Mendieta 1999).

Por tanto, as restricións son considerábeis a prol do inglés e podemos dicir que existe unha xerarquización hexemónica e todas as persoas que pertencemos ao eido universitario sabemos que hai revistas que son mellores (de primeira clase) e peores (de segunda clase); a miúdo estas últimas están escritas en linguas diferentes do inglés. Tamén sabemos que as contratacións universitarias adoitan dar máis puntos por publicacións en inglés e en revistas en inglés en vez de publicacións en linguas locais ou en revistas locais. O mesmo ocorre coas publicacións en linguas maioritarias como o español e minorizadas como o caso do galego. Para alén disto, somos sabedor@s de que se mira máis a cantidade que a calidade nas publicacións e que a proxección internacional ten prioridade fronte á nacional ou local. Daquela, podemos afirmar que hai un valor económico detrás da investigación que se leva a cabo por parte dos académicos e desde as universidades e isto determina a liberdade académica da que dispomos. Existe un control dos mercados que impulsan unhas determinadas prácticas e restrinxen outras. As universidades exportadoras de lingua e cultura son exemplos deste mercado.

Outro exemplo que coñeceredes calquera das persoas que traballades nunha universidade é o proceso de Boloña, que responde á internacionalización da educación superior. Actualmente hai 47 estados membros, e países coma Australia e os Estados Unidos observan con ansia porque para eles o mundo universitario é un gran negocio coa Comisión da Unión Europea como participante e fundadora. Se botades unha ollada aos obxectivos de Boloña 1999 atoparedes que sinalan que un deles é: «dentro do marco das nosas competencias institucionais e con total respecto da diversidade cultural, linguas, sistemas educativos nacionais e autonomía universitaria consolidar una Área Europea de Educación Superior todo máis tardar no 2010». Isto pretende converter todos os diferentes sistemas universitarios nun só para que o mercado sexa mais doado e siga unha soa dirección. Por iso todas as universidades están sometidas a unha gran presión para se adaptaren a este único proceso. Para comprobar o progresivo funcionamento de todo o proceso teñen lugar conferencias ás que

acoden os ministros de educación dos países membros cada dous anos co motivo de avaliar sobre todo a uniformidade estrutural, a calidade, a mobilidade, o recoñecemento, as titulacións conxuntas, o atractivo, a competitividade etc. Todo isto supón unha sincronización estrutural de todas as universidades destes países e se ollades os comunicados das reunións ministeriais veredes que remiten ao neoliberalismo como modelo económico que guiará as universidades na era moderna. Claro que isto foi antes da crise económica dos últimos anos, mais até que chegou esta crise o neoliberalismo era o único modelo que as universidades tiñan en conta. Aínda así continúan a demandar o financiamento por parte das entidades privadas, corporacións e outras fontes en vez do estatal e queren unha maior integración co mundo corporativo.

Os comunicados das reunións bianuais dos ministros de Educación Superior e Investigación nunca se refiren á política lingüística. Nunca se fai referencia a que os intercambios poidan servir para que os alumnos consigan unha boa competencia en dúas linguas que é algo ao que podían aspirar estes intercambios, porén nunca se tratou esta cuestión. Isto significa explicitamente que a internacionalización se ve como a educación superior co inglés como lingua vehicular e ocorre así xa nos estudos de terceiro ciclo mais non sabemos se poderá no futuro filtrarse cara aos niveis inferiores. Daquela, podemos preguntarnos se estas políticas lingüísticas implícitas (non explícitas) están en conflito coa liberdade académica? Eu diría que si, e se ollarmos a páxina web da Asociación Universitaria Europea o prognóstico non é mellor.

Asistín a unha conferencia impartida por un alemán que se chama Hans Joachim Meyer quen escribiu un artigo sobre o proceso de Boloña e que eu traducín do alemán, e non é simplemente un profesor enfadado senón que é tamén un político democrata cristiano que foi ministro de educación durante algúns anos no estado de Hessen en Alemaña. Por tanto, é unha figura do sistema que estivo na administración do proceso de Boloña no seu país e experimentou feitos sorprendentes:

Entgegen dem Wortlaut des Bologna-Erklärung dient also die Studienreform den Ziel, die dort beschworene sprachliche und kulturelle Vielfalt Europas durch ein englisches Sprachmonopol zu ersetzen (Meyer, 2011: 61).

O que Meyer escribe sobre a súa experiencia e que en contra do que di a declaración de Boloña, a reforma da educación superior (e el coñece o caso de Alemaña mais pode ser certo en España tamén) serve ao propósito de reempazar a diversidade cultural e lingüística de Europa por un monopolio do inglés. Isto é extremadamente preocupante porque estas políticas lingüísticas se están levando a cabo ás nosas costas, ninguén presenta o problema e isto quere dicir que os nosos gobernos e os presidentes das

nosas universidades nunca debateron estas cuestións cando se reúnen para debater como se está implantando o proceso de Boloña. Así que o goberno do Estado español nunca presentou a cuestión de se o español podía non ter a mesma importancia que o inglés na integración das universidades. E por que non? Por que nunca o fixeron os franceses ou os gregos que teñen unha identidade nacional tan forte? Non o sei, mais é sorprendente que esta cuestión non estea sendo analizada.

Por que está pasando? Como está pasando? Ben, quizais poidamos culpar a Antonio de Nebrija quen en 1492 escribiu o primeiro plan para que unha lingua nacional crease unha uniformidade nacional no territorio da península ibérica, asumo que isto incluía a Portugal como parte de España tamén naquela época e que esta lingua debería ser usada para as conquistas en ultramar, precisado en (México, América Latina, O Caribe, ...). Este foi o primeiro documento de planificación lingüística e serviu de modelo para os franceses, os británicos, os alemáns, os portugueses etc. Deste xeito, hai un patrón na forma que as linguas dominantes foron consolidadas nas nacións e exportadas internacionalmente desde 1492. Isto é aplicábel na colonización global europea, nos asentamentos dos europeos en Norte América, América Latina, en Australia e Nova Zelandia etc., e nos imperios coloniais que foron usados para facer diñeiro das extraccións en África e na maior parte de Asia. Isto tamén é aplicábel ao monolingüismo estatal como resultado da uniformidade creada pola difusión dunha lingua única en países coma o Reino Unido, Francia, Alemaña, España e Portugal e este proceso foi intensificado nos séculos XIX e XX. Xunto coas políticas estatais foron difundidas as crenzas, as ideoloxías, a supremacía lingüística que minaba as outras linguas e, por tanto, estableceu unha xerarquización. Esta xerarquización representa o lingüicismo (que unha lingua goce de privilexio grazas a que se lle negue a outras). Este problema tamén se coñece como imperialismo lingüístico.

Unha das primeiras ideas que se estendeu cando os europeos comezaron a ocupar outros territorios nas Américas foi o principio de *Terra Nullius*, que a terra estaba inocupada porque estes territorios nunca foran ocupados do xeito en que foran ocupados os territorios europeos en Europa. Os desafortunados e ignorantes habitantes das Américas non dispuñan de acreditacións para confirmar a súa posesión daqueles territorios e este mito remóntase á época dos gregos; isto é a dicotomía entre Nós (os pobos civilizados) e Eles (os bárbaros).

Un famoso filósofo británico, John Locke formulou nunha tratado de goberno sobre a propiedade en que di o seguinte: «Deus mandoulle o traballo ao Home. El doulle o uso e a propiedade da terra aos industriais e racionais». Isto quere dicir que, no caso de non ser industrial no sentido bíblico ou racional no sentido europeo, non tes poder

sobre a terra polo que a terra é *Terra Nullius*. Xa que as nacións indíxenas de América fracasaron no traballo (na organización do traballo), «Son ricos en terra, mais pobres en todas as comodidades da vida... [e], non teñen nin a centésima parte das comodidades das que gozamos nós. E alí un rei dun territorio grande e proveitoso come, vive e viste peor que un xornaleiro en Inglaterra». «Ao comezo, todo o mundo era América, e agora mais aínda; pois en ningures coñecían o diñeiro», Os froitos do traballo pódense converter en ouro, prata ou diñeiro, servindo a lexitimación «da posesión desproporcionada e desigual da terra», e esta desigualdade é «tácita e voluntaria» aceptada pola sociedade. Non afondarei máis nisto mais basicamente quere dicir que os europeos tivemos o dereito de nos apoderarmos da terra e cultura dos indíxenas.

Os americanos víronse a eles mesmos como un imperio desde o ano 1786 e George Washington dixo que desde a independencia dos EUA o país é un imperio xurdindo. En 1786 escribe que: «aínda que no presente, os EUA carezan de importancia..., chegará un día en que este país terá algún peso na escala dos imperios». Naquel momento, os EUA eran só uns cantos estados na costa este. Esta cita foi lida enteira no Congreso cada mes de febreiro até a mediados da década de 1970. Por tanto, isto é algo que os dirixentes americanos interiorizaron como se se tratase dun dereito americano (converterse nun imperio con ambicións mundiais). Agora, ollemos o que di o segundo presidente dos EUA John Adams no Congreso en 1780: «O inglés está destinado a ser nos seguintes séculos a lingua do mundo máis xeral do que foi o latín no pasado ou o francés na época contemporánea». Na Gran Bretaña, Lord Macaulay en 1835 escribe con respecto ás Indias (que naquel tempo non era unha colonia aínda, senón unha localización de industrias inglesas) que precisaban unha elite de persoas «indias de sangue e de cor, ingleses no tocante ao gusto, en opinión, de moral e intelecto».

Cal é o rol do inglés neste patrón? Pois ver a globalización basicamente como unha americanización. Calquera que estude inglés coñece libros que se están a publicar sobre o inglés «global» e o destino manifesto de que a cultura anglosaxoa se estenda ao redor do mundo (é como unha concesión divina). Isto está moi interiorizado polos americanos. O presidente Harry Truman en 1947 planeaba a orde mundial despois do nazismo e dixo: «O mundo enteiro debe adoptar o sistema americano. O sistema americano pode sobrevivir en América só se se converter nun sistema mundial». Mais para min, o inglés global non é unha realidade senón un proxecto. Esta realidade foi moi buscada tamén por Winston Churchill porque cando volveu de se reunir co presidente Roosevelt en 1941 (xa intentou persuadir os americanos para se uniren axiña á Segunda Guerra Mundial porque os británicos estaban apurados e eran bombardeados por Hitler dunha maneira moi efectiva) dixo na cámara dos comúns: «O imperio británico e os EUA afortunadamente para o progreso da humanidade, falan o mesmo

idioma e maiormente comparten pensamentos». Máis tarde, a Churchill concedéronlle unha mención honorífica na Universidade de Harvard en 1943 e no seu discurso dixo algo extremadamente intuitivo sobre a colonización e o mundo poscolonial:

O poder de controlar a lingua ofrece moito mellores recompensas que quitarlle á xente a súa terra ou que reducila por explotación. Os imperios do futuro son os imperios da mente.

E non é isto o que a EU nos di sobre a economía do coñecemento? Imperios da mente, o xeito en que agora podemos expandir a nosa economía do coñecemento para darlles traballo a todos os estudantes e para salvar as nosas economías porque os chineses fan cousas mellores ca nós. Este foi un comentario moi intuitivo na época en que me eu criei. Cando eu ía ao colexio en Inglaterra nos anos 50 nunca ninguén me dixo que o imperio británico ía cambiar ou que habería razóns polas cales cambiaría no futuro, mais mudou moi axiña e rapidamente.

Por tanto, que é a globalización? Seguro que todos entendedes francés porque é unha lingua bastante parecida ás que se falan neste país, pois o 60 por cento do seu vocabulario provén de linguas romances, sobre todo do latín. Por iso comprenderedes doadamente a cita de Pierre Bordieu o mais ilustre sociólogo dos últimos anos que di:

«Globalization» ...le masque justificateur d'une politique visant à universaliser les intérêts particuliers et la tradition particulière des puissances économiquement et politiquement dominantes, notamment les États-Unis, et à étendre à l'ensemble du monde le modèle économique et culturel le plus favorable à ces puissances, en le présentant à la fois comme une norme, un devoir-être, et une fatalité, un destin universel, de manière à obtenir une adhésion ou, au moins, une résignation universelles.

Esta é unha análise moi lúcida dos procesos que se están levando a cabo detrás do termo «globalización». Exporta unha visión de como se debe entender a economía, a escena política, a cultura, Hollywood etc., no resto do mundo. Mentres que nos demais países do mundo debemos adoptar todo isto como se fose do nos interese e, por tanto, non cuestionar a globalización.

Unha revista canadense, a revista de Harper *The New American Century*, converteuse na doutrina creada polas persoas que estaban no poder cando entrou o presidente G. W. Bush (D. Rumsfeld e P. Wolfowitz entre outros) que dominaron a política americana os últimos 10 ou 12 anos e tiñan unhas pretensións moi claras. Estas pretensións eran explícitas nunha páxina web moito antes das eleccións que trouxeron o presiden-

te Bush á presidencia, este documento di moi claramente que o plan é que os EUA dirixan o mundo. O tema ao descuberto é o unilateralismo, mais é basicamente unha historia de dominio. Reclama que os EUA manteñan a súa superioridade militar e preveñan o xurdir de novos rivais (China, por exemplo) que poidan supor un reto na escena mundial. Reclama o dominio por riba dos amigos e inimigos semellantes. Non di que os EUA deben ser máis poderosos ou os mais poderosos senón que deben ser absolutamente poderosos. E como sabemos, a economía e o mundo financeiro tiveron un gran problema nestes últimos anos, por culpa da lóxica do capitalismo. Este plan é anterior mais esta ideoloxía que guiou os acontecementos da presidencia de Bush fixo que o poder americano se comportase da maneira que se comportou.

Tamén houbo investimentos en universidades e investigación por parte do goberno americano por todo o mundo. A creación dun imperio global tomou forma concreta en forma de universidades financiadas polas fundacións «filantrópicas» das corporacións dos EUA (Rockefeller Foundation, Ford Foundation, etc). Investiron moito e de xeito estratéxico en investigación e educación superior en Europa desde 1919, e por todo o mundo a partir do 1945. Isto influíu decisivamente na maneira de entender e organizar os paradigmas en investigación, a formación universitaria nas ciencias sociais (socioloxía, antropoloxía, ciencias políticas, psicoloxía, lingüística etc...) e en moitas ciencias naturais aplicadas coma a medicina. A importancia do inglés para o imperio dos EUA (moi reforzada polos británicos igual que nos asuntos militares) pode ser trazada ao longo do século XX (Phillipson 2009).

A seguir temos unha listaxe das características dunha lingua que se ve afectada polo imperialismo lingüístico:

- Solapamento do imperialismo na cultura, na educación, nos medios de comunicación, na economía, na política, nos asuntos militares... Trátase basicamente dunha explotación, é unha cuestión de inxustiza, de desigualdade e de xerarquía. É estrutural porque os recursos materiais se ofrecen a unha lingua e non a outra, nas infraestruturas, nos horarios escolares (que é un problema no caso do galego). Tamén é un asunto ideolóxico debido ás crenzas, aos valores e ás actitudes das persoas de cara ás linguas dominantes ou dominadas, imaxes,... É un proceso hexemónico porque isto acaba sendo interiorizado como normal e natural. Ademais, quere dicir que existe desigualdade de dereitos para as persoas falantes de diferentes linguas. Isto é particularmente o caso se aprendemos unha lingua maioritaria por non aprender outra minoritaria, para que esta desapareza, excluíndoa, consolidando algunhas linguas ás expensas doutras. É un xeito de lingüicismo (coma o racismo, o sexismo). Non é só unha cuestión unidireccional senón que é bidireccional existe unha demanda un abastecemento

desta. Porén, sempre haberá unha competencia e unha resistencia para o imperialismo, mesmo para o imperialismo lingüístico. Todo isto debe facernos reflexionar en múltiples cuestións, por exemplo, na supresión de linguas locais coma o galés no Reino Unido até recentemente, o kurdo en Turquía aínda vixente, o galego na Galiza etc. O mesmo acontece na educación nas colonias e por parte do Consulado Británico, Francophonie e o Banco Mundial ao rexeitaren o financiamento das linguas europeas só en países poscoloniais do terceiro mundo. Eis a concepción de relevancia universal e neutra dos modelos educativos occidentais. O inglés como a lingua franca é vendida de maneira fraudulenta asegurando equidade na comunicación. A decisión dos mercados sobre a xerarquización das linguas europeas e a pose de expertos en aprendizaxe de linguas por parte dos falantes monolingües nativos de inglés.

Os síntomas da expansión do inglés son variados tamén:

- As universidades que teñen o inglés como lingua vehicular, a miúdo subsidiarias de universidades americanas, australianas ou británicas que se estenden por todo o mundo empregan os mesmos contidos e sistemas de avaliación que no país de orixe.
- As universidades precisan publicar en inglés en vez de nunha lingua nacional.
- A rápida proliferación de escolas «internacionais» co inglés como lingua vehicular facéndose cunha elite global, que tende a ser monolingüe e desvinculada da cultura dos países en que operan.
- A perpetuación do sistema de avaliación británico nas ex-colonias para o estudantado seguir un currículo británico (en Mauricio ou en Malasia)
- O reforzo das editoriais angloamericanas por todo o mundo.
- Os prexuízos culturais enraizados nos exames de competencia en inglés (se alguén quixer ir estudar aos EUA debe pasar unha proba de inglés que se chama TOEFL e para estudar no Reino Unido deberá superar os exames de Cambridge). Estas probas constitúen unha influencia cultural moi considerábel para alén de seren exames de inglés.

E que hai da ecoloxía da lingua na Galiza? Cal das dez variábeis se pode aplicar aínda? Este pode ser un bo traballo de investigación para realizar despois destas xornadas xa que podedes reflexionar na aplicación destas variábeis en diferentes ámbitos:

- Investigación empírica?
- Educación bilingüe e multilingüe nas escolas?
- Política lingüística universitaria?

- Xerarquización da lingua en política, en economía, en actividades culturais?
- Actitudes de cara ao papel do inglés? Debemos ser mais escépticos no tocante ao rol do inglés no mundo, realmente precisamos que o inglés sexa o que pretende ser?
- ...

O evanxeo do inglés global foi algo do que se escribiu en 1941 mais ou menos no ano en que eu nacín no libro: R V Routh 1941 *The diffusion of English culture outside England. A problem of post-war reconstruction*. Cambridge University Press. Nesta publicación sentábanse as bases de que se precisaba un novo servizo profesional para alicerzar unha lingua e unha cultura mundiais baseadas na nosa propia..., un exército de misioneiros lingüísticos, unha sede central en Londres de onde radiarían profesores a todo o mundo. Xente coma min, que formou parte deste tarefa en canto rematou os estudos universitarios e foi ensinar a lingua inglesa por todo o mundo. Intentei coñecer por que o inglés opera deste xeito desde que comecei a traballar. Mais se pensamos agora no contexto actual, son os franceses e os alemáns os que están a decidir todo? Lin hoxe na prensa que Merkel e Sarkozy se ían reunir para debateren cuestións que abranguen todos os países da UE, e isto demostra que a integración europea está sendo planeada basicamente polos poderes destes dous países en vez de contar co consenso dos outros países membros da UE. Mais se investigamos mais detidamente na historia da Unión Europea veremos que o proceso da integración europea xamais se produciría de non ser pola súa imposición por parte dos americanos (segundo demostra co seu traballo o danés E. Hol). Por outra banda, sabedes que formamos parte dos Estados Unidos de Europa? Pois isto trátase na obra de Pascaline Winand.

Na miña análise podemos ver que a integración europea e o inglés global van desde *terra nullius* (exportación) a *cultura nullius*. Os europeos foron sometidos á americanización de xeito máis sutil e insidioso que a exterminación física (nas Américas) e a ocupación territorial. O dominio hexemónico flutúa entre o consentimento e a coacción (isto exemplifica claramente tamén o que está ocorrendo agora coa economía europea). O dominio dos EUA na ONU, OTAN, OCDE, Banco Mundial etc., son factores moi determinantes detrás da integración europea. Este é o até tempos recentes o aparente éxito do sistema capitalismo neoliberal mais tamén o desastre deste, un mundo de consumismo con Hollywood como a forma de cultura por defecto, e coído que podedes ver que hoxe en día o inglés está a ser promovido coma unha *lingua nullius*. O inglés é unha misión global. Ensinar o inglés no mundo non semella diferenciarse dunha prolongación da tarefa que encarou América cando estableceu o inglés como a súa lingua nacional para todos os seus inmigrantes.

Segundo o primeiro ministro británico o mundo «elixe» inglés. Gordon Brown, 17 xaneiro 2008 «...O inglés é o noso legado, mais tamén se está a converter no futuro común do comercio humano e da comunicación... a tarefa pronunciada de converter a nosa lingua no idioma común escollido polo mundo».

Servizos de Probas educativas, Princeton, NJ «A nosa misión global vai máis alá das probas. Os nosos produtos e servizos permiten oportunidades a nivel mundial por medio da medición do coñecemento e destrezas, promovendo o aprendizaxe e realización e apoiando a educación e o desenvolvemento profesional para todas as persoas no mundo».

Inglés como negocio. O xornal *The Sun* do británico Rupert Murdoch declarou que Brown cre que o seu esquema achegará a notábel cifra de £50 billóns anuais á economía do Reino Unido a partir do 2010. O imperialismo, e tamén o imperialismo lingüístico, procurou sempre o beneficio económico. O esforzo do goberno británico por facer da aprendizaxe do inglés unha competencia básica por todo o mundo baixo o pretexto de que é igual de útil para todos, e a manifestación do neoimperialismo lingüístico.

No tocante ás políticas lingüísticas no sistema da Unión Europea. Aquí temos unha cita moi relevante:«Un sujet qui peut être qualifié d'explosif» en Europe Pierre Lequiller, Président, réunion ouverte à l'ensemble des membres français du Parlement Européen, le 11 juin 2003, pour débattre. Le Rapport sur la diversité linguistique au sein de l'Union européenne». Isto quere dicir que para os franceses o tema das políticas lingüísticas é explosivo, ou sexa, demasiado delicado para tratalo e nunca foi debatido como as políticas enerxéticas, a contaminación, o petróleo ou calquera outro tema que sexa crucial para a integración europea. Os alemáns pensan o mesmo, non hai nada mais delicado que o tema das linguas. «Es gibt in der EU kein emotionaleres Thema als Sprachen». Wilhelm Schönfelder, Dirixente da Misión por Alemaña na Unión Europea, citado en *Süddeutsche Zeitung*, 1 de abril de 2005.

Se botarmos unha ollada ás linguas de redacción de orixe dos documentos da Unión Europea para a creación de políticas veremos que nos anos 70, o francés era usado no 60%, alemán no 40% e agora o francés baixou até o 8% e o alemán case non está presente en absoluto. Antes o uso do inglés era nulo e agora tres cuartas partes de todos os documentos están escritos en inglés. Por tanto, o posto de lingua dominante cambiou radicalmente do francés ao inglés. Por se for do voso interese e por se quixerdes ir á páxina web da comisión europea podedes procurar o multilingüismo na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/education/languages/library/doc3413_fr.htm .

Veredes que os documentos importantes só aparecen dispoñíbeis en inglés. Teriades que seguir as ligazóns:

- Langues d’Europe
- Les langues officielles de l’UE
- Les langues régionales et minoritaires
- La politique des langues de l’EU
- Objectifs fixés
- Documents importants
- Publications- Video communiqués de presse

Documents importants

Esta páxina só está dispoñíbel en inglés!

Dernière mise à jour: 18 octobre 2010

Contact / Archives/ Dessus de la page.

O mesmo acontece tamén cando se trata de conceder bolsas de estudo para investigación en multilingüismo. A maior parte dos proxectos financiados pola Unión Europea son en inglés. Aquí, é onde eu considero que existe un gran contraste entre literatura mundial na época de Goethe «Os textos en todas as linguas enriquecen a humanidade e o individuo» Johann Wolfgang von Goethe e o proxecto de inglés do mundo anglo-americano, *Global English*, = (neo)imperialismo lingüístico global (Phillipson 1992, 2009).

Wer fremde Sprachen nicht kennt,weiB nichts von seiner eigenen. Wer English kennt, braucht nichts von anderen Sprachen. - (Pasamos de crer que quen non sabe nada sobre linguas estranxeiras non sabe nada da súa propia a pensar que quen non sabe inglés non sabe nada de nada). E este é o camiño que levan as universidades europeas actualmente.

No caso de solicitarde bolsas ou financiamento para investigación ao Director Xeral da Comisión Europea é importante que coñecerdes que a programación no marco 7 di máis ou menos o seguinte: «Usade calquera das 23 linguas oficiais da Unión Europea mais de escollerdes unha que non sexa o inglés seredes animad@s a proporcionardes unha tradución ao inglés». Isto significa que todas as solicitudes acaban por ser escritas en inglés e para os estudantes de países con idiomas distintos do inglés, esta é unha tarefa dura e limita as solicitudes e as oportunidades con respecto a outros que proveñen de países de fala inglesa. Isto supón un fracaso na administración dos fondos na UE e desigualdade que vén dada pola presión por parte dos mercados. As grandes corporacións inflúen no reparto dos fondos dedicados á investigación e as editoriais

máis poderosas tamén xogan un rol importante na aprobación do financiamento. Noutras palabras, restrinxen a investigación académica e, por tanto, o labor do persoal investigador que traballa nas universidades.

A lingua inglesa dispón de prestixio no eido académico e universitario e isto determina a maneira en que se ve xulgado e valorado o traballo de cara ao futuro profesional; debido a que algunhas publicacións priman fronte a outras, porque en conferencias internacionais o que se usa é o inglés, por culpa do proceso de Boloña, por como se concibe a excelencia das universidades de todo o mundo, e porque o monolingüismo ten profundas raíces nacionalistas, no caso de España, o castelán. Entón podemos pensar que por culpa da integración europea, as linguas nacionais perden valor. Para min, esta é unha cuestión empírica, trátase dun caso de imperialismo lingüístico ás expensas do castelán e as demais linguas minoritarias do estado? Precisa ser investigado. Desde logo, o estudo doutras linguas estranxeiras está decrecendo e nese sentido a liberdade académica vese restrinxida.

Podería falar mais sobre isto e dar exemplos de como moitas universidades están sendo obrigadas a tratar este tema mais non quero enredar moito. Por exemplo, en Noruega os profesores universitarios teñen a obriga de asegurar que a lingua nacional, o noruegués, está presente e é usada en todos os eidos, polo que se precisan estratexias axeitadas. As institucións deben elaborar estratexias lingüísticas para garantir a competencia paralela no noruegués como lingua nacional e o inglés como lingua académica internacional. As institucións deben axudar a desenvolver un proceso de reflexión en democracia, comunicación, e uso do idioma non só no departamento de ensino de linguas senón que afecta todos os departamentos. Isto é moi similar na maioría dos gobernos nórdicos. Algunhas das políticas dos gobernos nórdicos que apoian o uso paralelo do inglés e as linguas nórdicas son:

- Que sexa posíbel empregar as *dúas* linguas dos países nórdicos esenciais para a sociedade e o inglés como linguas para a ciencia.
- Que a presentación de resultados científicos nas linguas nórdicas esenciais para a sociedade sexan premiados.
- Que a instrución en linguaxe técnica, especialmente os textos escritos, gocen das dúas versións, en inglés e nas linguas nórdicas esenciais para a sociedade.
- Que as universidades, facultades e outras institucións científicas poden desenvolver estratexias de amplo alcance para a elección da lingua, o uso paralelo das linguas, a formación nas linguas e bolsas de tradución dentro dos seus ámbitos.

Outro caso é o da política lingüística da Universidade de Helsinki que apoia o finlandés, o sueco e o inglés e a política lingüística universitaria está baseada nos seguintes preceptos estratéxicos:

- As linguas son un recurso dentro da comunidade universitaria e o dominio das linguas é un motivo de recoñecemento na comunidade e parte da identidade da universidade.
- O contexto bilingüe e multilingüe da universidade e a internacionalización son fontes de enriquecemento para todas as persoas e son unha necesidade para a comparación internacional da súa acción investigadora.
- As destrezas lingüísticas son medios a través dos cales se comprenden as culturas estranxeiras e tamén para dar a coñecer a cultura finlandesa. A universidade promove a competencia do seu estudantado e persoal, para alén de apoiar o coñecemento de outras culturas. As comunidades multilingües e multiculturais promoven o pensamento creativo.

Estamos a promover unha competencia académica trilingüe que é o que se persegue nas escolas co estudo de L1 e L2 nas escolas europeas. Xa existen agora mais universidades que están pensando en operar de xeito trilingüe coma: Bolzano/ Bozen (italiano/ alemán/ inglés), Luxemburgo (francés/ alemán / inglés /...), Universidade de Saami (sami / noruegués / inglés), Helsinki (sueco / finlandés+), Sudáfrica (inglés ++), Marrocos (árabe / francés / inglés). Son proxectos moi interesantes. Con isto quero dicir que se desexades reforzar a ecoloxía das linguas locais precisades pensar no status das linguas e existen moitos traballos que tratan a planificación lingüística de prestixio. Hai que pensar en chegar á xente mediante discursos ben planificados. Tamén cómpre reflexionar sobre os procesos de creación e mantemento de comunidades de práctica (planificación da adquisición da lingua, isto é, da aprendizaxe). Ademais, ter en conta a tecnoloxía, isto é, a aprendizaxe da linguaxe informática e os recursos.

Aquí ofrézovos unha taxonomía das variábeis que teñen impacto sobre a educación superior multilingüe e a investigación.

- As dimensións do status (status e prestixio da planificación).
- Macro nivel: internacional, nacional e contexto e restricións das institucións multilingües; xerarquización global e local da ecoloxía das linguas; economía e procesos de acumulación ou desprovisión de capital lingüístico; o alcance do mantemento da lingua en dominios centrais; grao de respecto polos dereitos humanos nos usos lingüísticos.

- Micro nivel: uso da lingua nas actividades universitarias fundamentais, orais, escritas e nas páxinas web; conciencia dos dereitos lingüísticos, deberes da lingua e diversidade lingüística.

Decisións políticas (planificación do discurso) en:

- Políticas lingüísticas explícitas e implícitas, abertas e encubertas para unha institución incluíndo as comunicacións internas e externas
 - Contextos de aprendizaxe e avaliación
 - Identidade multilingüe institucional e persoal, percepcións do multilingüismo.
 - Criterios para avaliar a calidade do ensino, da investigación e promoción.
 - Linguas de publicación; política lingüística en cuantificación bibliométrica.
 - Certificación de competencia lingüística do persoal e / ou o estudantado.
 - Responsabilidade para implementar e monitorizar as decisións da política lingüística.
 - Procesos para crear e manter as comunidades practicantes (planificación da adquisición).
 - Obxectivos funcionais para o desenvolvemento da competencia académica da lingua, persoal e estudantado.
 - Procesos de aprendizaxe relacionados co desenvolvemento da competencia en actividades diferentes: na recepción (escoita, lectura) e na produción (fala, escrita); integración das IT; o papel da tradución e do estudo comparativo das linguas.
 - Funcións do profesorado e do estudantado na asimilación e creación do coñecemento a todos os niveis.
 - Desenvolvemento da conciencia metalingüística, metacomunicativa e intercultural.
 - O feito de partillar o coñecemento dentro da institución de fóra dela;
 - artigos académicos e libros internacionais.
 - Popularización dos medios de comunicación de masas locais, libros de texto e traballos de referencia.
 - Formar nas lingua 1/ lingua 2/ lingua 3/...
- (corpus e planificación do uso) decididos na:
- codificación en traballos de referencia e materiais con autoridade
 - formación en lingüística convencional en xéneros e discursos para fins académicos.
 - Creación de terminoloxía e usos de seren precisos.
 - Tecnoloxía (planificación tecnolóxica)
 - Centro de aprendizaxe da lingua

- Ensino e apoio ao aprendizaxe pola Internet, materiais en liña, etc
- Desenvolvemento dun software tecnolóxico do idioma.

Todas estas variábeis inciden na ecoloxía local, nacional e global das linguas e dentro desta área existe moito coñecemento especializado que precisa ser activado para alcanzar os propósitos que temos en relación coa creación de unha mellor xustiza social e unha ecoloxía lingüística equilibrada.

Referencias bibliográficas

Holm, E. (2001): *The European anarchy. Europe's hard road into high politics* (Copenhagen: Copenhagen Business School Press).

Mendieta E. / Phillipson R. / Skutnabb-Kangas T. (2006): *Revista Canaria de Estudios Ingleses*, 53, 15-26.

Mendieta, E. (1999): Is there Latin American Philosophy? *Philosophy Today*, Vol. 43 (SPEP Supplement 1999), 50-61.

Phillipson, R. (1992): *Linguistic imperialism* (Oxford: Oxford University Press).

Phillipson, R. (2009): *Linguistic imperialism continued* (London: Routledge).

Routh, R. V. (1941): *The diffusion of English culture outside England. A problem of post-war reconstruction* (Cambridge: Cambridge University Press).

Winand Pascaline (1993): *Eisenhower, Kennedy, and the United States of Europe* (New York: St. Martin's Press).